

ESTRATEGIA GALEGA DE CONVIVENCIA ESCOLAR

Informe de diagnose

2015 - 2020



**XUNTA
DE GALICIA**



educonvives.gal
Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020

ÍNDICE

1

CUESTIONARIOS E FASES

1.1 INTRODUCCIÓN 5

2

ANÁLISE DE RESULTADOS

2.1 SOBRE A EVOLUCIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO 8

2.2 SOBRE OS **PRINCIPAIS CONFLITOS DE CONVIVENCIA** 9

2.3 SOBRE A **FRECUENCIA DE DETERMINADOS CONFLITOS E OS ESPAZOS** NOS QUE SE PRODUCEN 12

2.4 SOBRE A **CONDICIÓN DE PREJUDICADO/A, INFRACOR/A E PREJUDICADO/A-INFRACOR/A** DO ALUMNADO 14

2.5 SOBRE A **FORMA DE RESOLVER OS CONFLITOS** 16

2.6 SOBRE A **FORMACIÓN EN MATERIA DE CONVIVENCIA ESCOLAR, A ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DOS CENTROS E A INFLUENCIA DE DIVERSOS ASPECTOS NO CLIMA ESCOLAR** 17

2.7 SOBRE O **COIDADO DOS MATERIAIS E DAS INSTALACIÓNS** 19

2.8 SOBRE A **PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO E DAS FAMILIAS** E A SÚA **SATISFACCIÓN** 21

2.9 SOBRE OS **ASPECTOS POTENCIALMENTE POSITIVOS PARA A CONVIVENCIA** 23

2.10 CUESTIONARIO **PICTOGRÁFICO** 25

1

CUESTIONARIO E FASES




1.1 INTRODUCCIÓN

- ▶ Sen dúbida a convivencia escolar é, na actualidade, unha preocupación de primeira liña. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a traballar arreo desde hai xa tempo para procurar unha dinámica de mellora continua do clima escolar.
- ▶ Non podemos esquecer que este camiño, hoxe consolidado na Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020 Educonvives.gal, comezou coa aprobación en 2011 da Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa.
- ▶ Dous anos despois, en 2013, ve a luz o Protocolo para a prevención, detección e intervención en Acoso e Ciberacoso, un amplo documento que senta as bases para que os centros aborden esta cuestión de xeito eficaz e decidido.
- ▶ En xaneiro de 2015 publícase o Decreto que desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia, que afonda en cuestións de profundo calado, cunha clara vocación proactiva e preventiva, polo que desprega numerosas medidas de organización e funcionamento favorecedoras dunha convivencia harmónica e dun clima escolar positivo.
- ▶ En base a este decreto nace tamén o pasado ano o Consello Galego para a Convivencia Escolar, órgano colexiado e de representación de todos os sectores da comunidade educativa, en torno ao cal se artellan de xeito conxunto e coordinado todas as accións en materia de convivencia escolar. Esta Estratexia de Traballo, organizada e planificada desde 2015 ata 2020 é Educonvives.gal.
- ▶ Foi aprobada en setembro de 2015 e organizase en torno a 5 eixes que aglutinan 37 accións específicas, e aborda principalmente cuestións de diagnose do clima escolar, de organización escolar, de participación da comunidade educativa, de formación e de abordaxe de conflitos.



CASE **200.000** CUESTIONARIOS CUBERTOS
18.577.148 DATOS PROCESADOS

PARTICIPACIÓN POR COLECTIVOS



DESTES DATOS DESPRÉNDESE



- ▶ Concretamente o Eixe 1 corresponde á Diagnose para a toma de decisións baseada en evidencias de calidade. A súa execución supuxo despregar un cuestionario censual a toda a comunidade educativa galega, atendendo á visión de alumnado, profesorado, familias e persoal non docente, nunha recollida de datos sen precedentes e que supuxo un desafío organizativo, dado que o obxectivo fundamental era facilitar a cada centro educativo os instrumentos para a efectiva análise da súa situación particular, de xeito que informe e sirva de axuste para os Plan de Convivencia de cada centro. E esta diagnose non é posible sen datos que, para ser confiables, deben ser recollidos desde o anonimato e as máximas garantías de seguridade e control.
- ▶ Os cuestionarios para o alumnado, particularmente no caso de alumnado de escolaridade obrigatoria, evitaron pedir xuízos de valor globais, presentando as preguntas con respecto a situación concretas ou á experiencia concreta de cada quen. A medida que aumenta o grao de madurez (postobrigatorias) preséntanse cuestións máis xenéricas e próximas ao preguntado a familias e persoal docente e non docente.
- ▶ Desde o 23 de decembro de 2015 cada centro conta co seu informe particular, razón de ser última da recollida de datos. Non obstante, polo interese que esta información ten a efectos globais, preséntase esta análise de resultados co obxectivo de ilustrar a situación da nosa comunidade e informar a toma de decisións.



En todas as preguntas dos cuestionarios foi posible optar por la opción "Sen Resposta", ben por non dispoñer de elementos de xuízo (como pode ser levar pouco tempo no centro), ben por decisión personal ao non querer achegar unha opinión nesa cuestión concreta.

2

ANÁLISE DE RESULTADOS

2.1

SOBRE A **EVOLUCIÓN DA CONVIVENCIA** NO CENTRO

2.2

SOBRE OS **PRINCIPAIS CONFLITOS DE CONVIVENCIA**

2.3

SOBRE A **FRECUENCIA DE DETERMINADOS CONFLITOS E OS ESPAZOS** NOS QUE SE PRODUCEN

2.4

SOBRE A **CONDICIÓN DE PREJUDICADO/A, INFRACTOR/A E PREJUDICADO/A-INFRACTOR/A** DO ALUMNADO

2.5

SOBRE A **FORMA DE RESOLVER OS CONFLITOS**

2.6

SOBRE A **FORMACIÓN** EN MATERIA DE CONVIVENCIA ESCOLAR, A ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DOS CENTROS E A INFLUENCIA DE DIVERSOS **ASPECTOS NO CLIMA ESCOLAR**

2.7

SOBRE O **COIDADADO DOS MATERIAIS E DAS INSTALACIÓNS**

2.8

SOBRE A **PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO E DAS FAMILIAS** E A SÚA **SATISFACCIÓN**

2.9


SOBRE OS **ASPECTOS POTENCIALMENTE POSITIVOS PARA A CONVIVENCIA**

2.10

CUESTIONARIO **PICTOGRÁFICO**

2.1 SOBRE A EVOLUCIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO

VALORACIÓN DA PERCEPCIÓN DA EVOLUCIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO NOS TRES ÚLTIMOS ANOS





- ▶ Máis do 50% das persoas participantes consideran que a convivencia mellorou (moito ou lixeiramente) fronte ao 15% que considera un empeoramento (lixeiro ou alarmante). A opinión é coincidente e consistente en todos os colectivos. Só un 2,5% de media considera un empeoramento alarmante.
- ▶ A porcentaxe correspondente a "sen resposta" rolda o 30% debido fundamentalmente a aqueles participantes que non acumulan tres anos de convivencia no mesmo centro.
- ▶ No alumnado de ensino postobligatorio, a maior permanencia no centro maior percepción de melloría na convivencia.
- ▶ No profesorado, a maior percepción de melloría corresponde ao profesorado de ESO seguido do profesorado de educación primaria.
- ▶ A percepción de mellora das familias cuadriplica a percepción de empeoramento. Só un 2,5% considera que empeorou de xeito alarmante fronte a un 13,5% que considera que mellorou moitísimo.
- ▶ Tanto neste apartado como, en xeral, en todo o cuestionarios, a maior participación mellor percepción e resultados máis positivos.

2.2 SOBRE OS PRINCIPAIS CONFLITOS DE CONVIVENCIA

- ▶ Máis do 80% de todos os colectivos consultados aprecian que non hai problemas de convivencia ou son casos puntuais, fronte a un 9% que si aprecia actualmente problemas de convivencia no centro.
- ▶ A conduta contraria á convivencia máis habitualmente percibida polas familias son as ameazas e insultos, cun 5,14%. O resto de condutas negativas non supera o 4% de percepción por parte das familias. As familias perciben un 1,33% de acoso escolar.


PERCEPCIÓN DA EXISTENCIA DE CONFLITOS DE CONVIVENCIA NO CENTRO



AS 20 CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA MÁIS HABITUAIS PERCIBIDAS POLO ALUMNADO DE

ENSINANZAS OBRIGATORIAS

ENSINANZAS POSTOBRIGATORIAS




2.3 SOBRE A FRECUENCIA DE DETERMINADOS CONFLICTOS E OS ESPAZOS NOS QUE SE PRODUCEN


- ▶ O 90% do alumnado de escolaridade obrigatoria percibe que no seu centro non hai nunca (75%) ou case nunca condutas de acoso, nin de ameaza ou insulto utilizando as TIC. Así mesmo o 90% non percibe condutas como a coacción ou ameaza a compañeiros, roubos, ridiculizacións e insultos ao profesorado.
- ▶ Por outro lado, nunha porcentaxe en torno ao 20%, o alumnado de escolaridade obrigatoria percibe moitas ou bastantes veces condutas como: interromper e molestar na clase, non ter coidado coa limpeza e o aseo, poñer alcumes ou rirse doutras persoas ou insultar.
- ▶ O 5,4% do alumnado menor de 16 anos percibe que no seu centro hai situacións de posible acoso moitas (1,9%) ou bastantes veces (3,3%).
- ▶ A conduta contraria á convivencia máis habitualmente percibida polas familias son as ameazas e insultos, cun 5,14%. O resto de condutas negativas non supera o 4% de percepción por parte das familias.
- ▶ Para o alumnado en escolaridade obrigatoria os lugares onde a probabilidade de condutas contrarias á convivencia se percibe como menor (máis dun 80% de respostas "nunca" e "poucas veces") son entradas e saídas de clase ou do centro, durante as clases, no comedor e no transporte escolar, nas redes sociais, nos aseos, corredores e intercambios de clase, no caso do alumnado de escolaridade obrigatoria. Pola súa banda os lugares máis problemáticos en opinión do alumnado son os recreos e os arredores do centro.
- ▶ Os lugares máis conflictivos son, a xuízo do alumnado de postobrigatoria, serían, ademais dos recreos (20%), os arredores do centro, as entradas e saídas do recinto e as redes sociais (aprox. 15%).



OS MOMENTOS NOS QUE SE PRODUCEN OS PRINCIPAIS CONFLITOS DE CONVIVENCIA



OS ESPAZOS NOS QUE SE PRODUCEN OS PRINCIPAIS CONFLITOS DE CONVIVENCIA



COMEDOR ESCOLAR

RECREO


TRANSPORTE ESCOLAR

ARREDORES DO CENTRO

2.4 SOBRE A CONDICIÓ DE PREXUDICADO/A, INFRACTOR/A E PREXUDICADO/A-INFRACTOR/A DO ALUMNADO


PREXUDICADO/A

- ▶ Case o 80% do alumnado declara non ter padecido ningunha conduta negativa ao longo da súa escolaridade, fronte ao 12% de media que declara ter sido prexudicado/a nalgunha conduta contraria á convivencia.
- ▶




As familias declaran, en preto do 85%, que os seus fillos non padeceron ningunha conduta negativa fronte ao 8,5% manifesta que o seu fillo/a foi algunha vez prexudicado/a nalgunha conduta contraria á convivencia.


ALUMNADO QUE DECLARA TER SIDO PREXUDICADO/A NALGUNHA CONDUTA CONTRARIA Á CONVIVENCIA



AS 10 CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA MÁIS HABITUAIS PERCIBIDAS POLAS FAMILIAS



85,6%



INFRACOR/A

► Máis do 85% do alumnado (e das súas familias) declaran non ter sido autor ou coautor dunha conduta contraria á convivencia.

ALUMNADO QUE DECLARA TER SIDO AUTOR OU COAUTOR DALGUNHA CONDUTA CONTRARIA Á CONVIVENCIA

■ DECLARA NON TER SIDO AUTOR OU COAUTOR ■ DECLARA TER SIDO AUTOR OU COAUTOR



NA ENSEÑANZA POSTOBRIGATORIA DECLÁRASE A UN TEMPO PREXUDICADO/A E INFRACOR/A

3,3% 1,8%

NA ENSEÑANZA POSTOBRIGATORIA DECLÁRASE A UN TEMPO PREXUDICADO/A E INFRACOR/A

2.5 SOBRE A FORMA DE RESOLVER OS CONFLITOS

- ▶ Segundo o alumnado a maioría dos conflitos resólvense falando entre todos ou co/a profesor/a en privado. O profesorado acostuma dar consellos. A actitude menos amosada é quitarlle importancia (menos dun 10% de media). O diálogo para chegar a acordos e a aplicación de sancións son as medidas máis percibidas polo alumnado de escolaridade postobrigatoria na resolución de conflitos, seguidas da conversa coa titora ou titor individualmente e que o profesorado dea consellos ao alumnado implicado.
- ▶ Preto do 45% do alumnado opina que as sancións son xustas en moitos ou bastantes casos pero a mesma porcentaxe cre que non son eficaces nunca ou poucas veces.
- ▶ Máis dun 80% do profesorado manifesta que os conflitos se resoven dialogando para chegar a acordos, e o 71% estima que os conflitos son abordados entre todos (titor, profesorado, xefatura de estudos e alumnado). As correccións e sancións están entre o 40 e o 50% , superadas por medidas como chamar as familias ou dar consellos ao alumnado. Novamente, e consistentemente co manifestado xa polo alumnado, restarlle importancia e deixalo pasar é a medida, con diferenza, menos declarada.
- ▶ A reacción máis común das familias é falar e pedir información ao profesorado titor (89,5%) seguida de falar co fillo/a (81,1%). Nunha porcentaxe similar á manifestada polo alumnado e profesorado, sitúase a inacción, o deixalo pasar porque son cousas de rapaces, con pouco máis do 2,4%.

ALUMNADO

AFIRMA QUE A MAIORÍA DOS CONFLITOS **SE RESOLVEN FALANDO** ENTRE TODOS OU CO/A PROFESOR/A EN PRIVADO

A ACTITUDE MENOS UTILIZADA É **QUITARLLE IMPORTANCIA**

FAMILIAS


UN 89,5% OPTA POR FALAR E PEDIR INFORMACIÓN AO PROFESORADO TITOR

UN 81,1% OPTA POR FALAR CO/A FILLO/A

PROFESORADO

MÁIS DUN 80% MANIFESTA QUE OS CONFLITOS RESÓLVENSE DIALOGANDO PARA CHEGAR A ACORDOS


O 71% ESTIMA QUE OS CONFLITOS SON ABORDADOS ENTRE TODOS: **TITOR-PROFESORADO-XEFATURA DE ESTUDOS-ALUMNADO**



DIÁLOGO

2.6 SOBRE A FORMACIÓN EN MATERIA DE CONVIVENCIA ESCOLAR, A ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO DOS CENTROS E A INFLUENCIA DE DIVERSOS ASPECTOS NO CLIMA ESCOLAR


- ▶ Máis do 60% do profesorado e PAS considera que ten unha formación boa ou moi boa en materia de convivencia escolar.
- ▶ As familias tamén valoran o seu coñecemento en materia de convivencia escolar ao redor do 50%.
- ▶ Ao redor do 90% do profesorado considera a prevención como un aspecto influínte no clima escolar.
- ▶ O traballo da convivencia a través da acción tutorial é importante para preto do 90% do profesorado.
- ▶ O profesorado asigna unha importancia moi alta aos problemas familiares do alumnado no desenvolvemento de condutas problemáticas, así como ao contexto social, ás características de personalidade do alumnado e ao aumento da tolerancia na sociedade. A falta de disciplina escolar a facilidade no acceso ás TIC e a obrigatoriedade da ESO son os aspectos valorados como menos relevantes. A importancia de aspectos plenamente vinculados ao centro como a formación do profesorado, as metodoloxías de traballo e a organización de centro mantense en zonas intermedias.





O profesorado aposta pola **prevención** para abordar a convivencia

SOBRE A **INFLUENCIA DE DIVERSOS ASPECTOS NO CLIMA ESCOLAR**



ABORDAR A CONVIVENCIA DESDE A PREVENCIÓN

ADSCRIBIRSE A PLANS E PROGRAMAS NOS QUE SE TRABALLE A CONVIVENCIA

APLICACIÓN RIGOROSA E SISTEMÁTICA DAS NORMAS DE CONVIVENCIA


APLICAR SANCIONS ESTRITAS

CREAR GRUPOS DE TRABALLO E FIGURAS ESPECÍFICAS NO CENTRO

2.7 SOBRE O COIDADADO DOS MATERIAIS E DAS INSTALACIÓNS


- ▶ Máis do 90% do profesorado e do 86% das familias consideran que o centro está bastante ou moi coidado.
- ▶ O alumnado en máis dun 55% considera o centro moi ou bastante coidado.
- ▶ Todos os colectivos identifican "Tirar lixo ao chan", "Pintadas nas mesas, paredes e aseos" e "Rotura de materiais da clase e do centro" como problemas referente ao respecto do coidado dos materiais e das instalacións.

PERCEPCIÓN SOBRE O COIDADADO DOS MATERIAIS E DAS INSTALACIÓNS



PROFESORADO


ALUMNADO OBRIGATORIA



PERCEPCIÓN DOS PROBLEMAS CONCRETOS RELACIONADOS CO COIDADO DOS MATERIAIS E DAS INSTALACIÓNS


PAS

ALUMNADO POSTOBRIGATORIA



2.8 SOBRE A PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO E DAS FAMILIAS E A SÚA SATISFACCIÓN

- ▶ Máis do 75% do alumnado séntese bastante ou moi integrado e máis do 70% fai amigos facilmente.




- ▶ Tamén máis do 65% aprende cooperando con resto de estudantes e axúdanse entre si aínda que non sexan amigos.
- ▶ O profesorado percibe maioritariamente (aprox. 50%) a facilidade en chegar a acordos coas familias e que amosan interese e fan e un seguimento continuado da evolución escolar dos seus fillos.
- ▶ Tan só un 5% do profesorado manifesta problemas significativos de comunicación coas familias, porcentaxe que coincide co manifestado polas familias.

- ▶ Máis do 90% das familias manifesta falar a diario co seu fillo/a sobre como lle foi o día no centro e amosar interese polos seus estudos, facendo un seguimento continuado da súa evolución escolar.
- ▶ Preto do 83% das familias manifesta coñecer o tempo e os recursos dixitais que utiliza o seu fillo/a.
- ▶ O/a titor/a é o referente claro, cun 95,5% de coñecemento por parte das familias, seguido da dirección e da xefatura de estudos. A metade das familias coñece a/ao orientador/a. En xeral as nais teñen maior coñecemento dos profesionais do centro que os pais.
- ▶ A ampla maioría das familias manifestan apoiar as decisións que o/a titor/a toma ao respecto do comportamento do seu fillo/a. Máis destacable é que un 1% declara abertamente non apoialas.
- ▶ O índice de satisfacción xeral das familias cos centros educativos é moi elevado. O 81,1% declara abertamente estar satisfeito co centro ao que asiste o seu fillo/a fronte a 6% manifesta o seu descontento.

DECLÁRASE **ABERTAMENTE SATISFEITO**

ÍNDICE DE SATISFACCIÓN DAS FAMILIAS COS CENTROS EDUCATIVOS



MANIFESTA O SEU **DESCONTENTO**


2.9 SOBRE OS ASPECTOS POTENCIALMENTE POSITIVOS PARA A CONVIVENCIA

▶ A maioría do alumnado de ensino obrigatorio declara ter sete ou máis amigos, e máis do 80% ten 3 ou máis bos amigos ou amigas, tanto na súa clase como fóra desta pero no centro.


+80%
alumnado

CONSIDERA MOI OU BASTANTE IMPORTANTE

- ▶ CUMPRIR **AS NORMAS**
- ▶ OBEDECER E RESPECTAR **AO PROFESORADO**
- ▶ RESPECTAR **O HORARIO DAS CLASES**
- ▶ FACER **AS TAREFAS**
- ▶ ATENDER **AS EXPLICACIÓNS**



NÚMERO DE AMIGOS NO CENTRO EDUCATIVO, QUE NON SEXAN DA SÚA CLASE



NÚMERO DE AMIGOS DA SÚA CLASE

- ▶ Case un 60% considera importante evitar que traten mal aos demais.
- ▶ A maioría do alumnado e das familias teñen altas expectativas ao respecto do nivel académico a acadar (superior). Aínda que as familias decántanse moi maioritariamente pola carreira universitaria, o alumnado reparte a súa predilección dun xeito practicamente equitativo entre os ciclos de FP e as carreiras universitarias.





O nivel de satisfacción entre o alumnado é moi alto

2.10 CUESTIONARIO PICTOGRÁFICO

- ▶ Cuestionario elaborado en base a pictogramas para que as persoas que teñen dificultades de comunicación e precisan do uso de sistemas aumentativos ou alternativos de comunicación poidan participar neste proceso.
- ▶ En torno ao 80% do alumnado en escolaridade obrigatoria, incluído o alumnado que foi usuario do cuestionario tipográfico, ten 3 ou máis amigos no centro que non son da súa aula. En ensino postobrigatorio esta porcentaxe redúcese ata o 50%.

O **93,8%** DO ALUMNADO MANIFESTA SENTIRSE FELIZ OU MOI FELIZ NO CENTRO.



* Os símbolos pictográficos utilizados de ARASAAC (<http://catedu.es/arasaac/>) son parte dunha obra colectiva propiedade da Diputación General de Aragón e foron creados baixo licenza Creative Commons (BY-NC-SA)



**XUNTA
DE GALICIA**



educonvives.gal
Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020